



*Hypotrachyna laevigata* (Sm.)  
Male

Especie pouco abundosa que se pode atopar principalmente en bosques vellos con moita humidade, en troncos musgosos (fotos 1, 2) e máis raramente nas rochas musgosas. Este tipo de hábitat estase reducindo de maneira alarmante na Galiza.

Talo foliáceo, de gris claro a azulado e pouco pegado ao substrato. Lóbulos alargados e truncados nos ápices, de ramificación irregularmente dicótoma, estreitos, de 1 a 4 mm de ancho (fotos 3, 4, 5) e con axilas redondeadas. Cara superior con soralios abrancazados que poden chegar a oscurecerse ó envellecer (foto 5). Cara inferior negra, ás veces con bordos marróns. As rizinas son negras e de ramificación dicótoma (foto 4).

**Fotobionte:** alga verde.

**Reaccións:** As reaccións características son no talo  $K^+$  amarelo e na médula  $K^+$  e  $KC^+$  amarela-laranxa.